



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 17 de outubro de 2016

HORA DE COMEZO: 20:35 h.

HORA DE REMATE: 21:10 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbello e D^a Ánxela Vizoso Marcos.

AUSENTES: D^a Mercedes Giráldez Santos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

SUPLENTES: D^a Lourdes Rial Pardo e D^a Eva Rodríguez Calvar.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

OBRAS E SERVIZOS

1º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

1.A.1) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

| NOME | LUGAR INSTALACIÓN |
|-------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| J.M.G. | Camiño Vello, n. 7-Rodeira-Coiro. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 656, concedido en X.G.L. do día 16.08.2007 ao interesado. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo. |



Concello de Cangas

URBANISMO E PATRIMONIO

2º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.445.- Dáse conta da declaración de ineficacia da comunicación previa, para muro de peche en predio sito en Fonte Vella-Piñeiro-Aldán, solicitada por D. M. P.

EXPEDIENTE Nº 25.801.- Dáse conta da declaración de ineficacia da comunicación previa, para obras de mantemento, conservación e reparación parcial de cuberta e fachadas en vivenda sita en rúa Plagueira, nº 14-Darbo, peticiónada por J.C.C.

EXPEDIENTE Nº 26.094.- A A.R.R., para colocación de tella sobre cobertura existente de caseta dedicada a tendedeira e almacén sita en Gondarán, nº 52-A-Coiro-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.133.- A J.G.G., para obras de restauración de cuberta en edificación existente sita na Avda. Méndez Núñez, nº 17-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.143.- A A.A.L.F., para reparación interior de vivenda sita na Avda. Montero Ríos, nº 18-1º-Cangas.

FACENDA

3º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

3.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:



Concello de Cangas

| SOLICITANTE | GARANTÍA | IMPORTE | OBXECTO |
|-----------------------------------------|----------------------|------------|-----------------------------------------------------------------|
| EXTRACO, CONSTRUCCIÓN S E PROXECTOS, SA | AVAL (BANCO POPULAR) | 2.984,18 € | CONTRATO DE OBRA DE BEIRARRÚAS VILARIÑO-O IGREXARIO (PO-561004) |

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

4º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 13.10.2016, relativa á concesión de axudas de emerxencia social, que di:

"Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por R.M.G., e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de catrocentos setenta e oito euros con cincuenta céntimos (478,50 €) a ingresar no número de conta do solicitante, achegándose certificación bancaria".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

5º.- PROPOSTA DO CONCELEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E IGUALDADE S/INICIO DE EXPEDIENTE DE LICITACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Dáse conta de proposta do día 11.10.2016 do concelleiro de Servizos Sociais, Sanidade e Igualdade, referente ao inicio de expediente de licitación para adxudicación do contrato de xestión do Servizo de Axuda no Fogar, que é como segue:

"PROPOSTA PARA INICIO DE EXPEDIENTE QUE REXERÁ A LICITACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MEDIANTE CONCESIÓN

Tomás Hermelo Álvarez, concelleiro de Servizos Sociais, Sanidade e Igualdade do Concello de Cangas,

Propón á Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte proposta:



Concello de Cangas

- *Iniciar o expediente que rexerá a licitación para a adxudicación do contrato de xestión do Servizo de Axuda no Fogar mediante concesión.*
- *Dar traslado deste acordo a Secretaría, Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico do Concello de Cangas, para que comecen a realizar os traballos pertinentes."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Servizos Sociais, Sanidade e Igualdade, referente ao inicio de expediente de licitación para adxudicación do contrato de xestión do Servizo de Axuda no Fogar.

MEDIO AMBIENTE E TURISMO

6º.- ESCRITO DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL S/ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO MODIFICADO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESÍDUOS DE APARATOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS

Dáse conta de escrito da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, referente a adhesión ao convenio marco modificado de colaboración entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) en materia de xestión de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos, e no que se indica que o día 06.09.2016 asinouse a Addenda para a modificación do convenio marco de colaboración de referencia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do escrito da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e solicitar a adhesión ao convenio marco modificado de colaboración entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) en materia de xestión de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo achegado da solicitude de adhesión á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, departamento de Intervención e á Concellería de Medio Ambiente.



Concello de Cangas

7º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE DÚAS TRABALLADORAS PARA AS OFICINAS DE TURISMO DO CONCELLO DE CANGAS-2016

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 13.10.2016, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención para a contratación de dúas traballadoras para as oficinas de turismo do Concello de Cangas-2016, que é como segue:

"PROPOSTA

APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRACIÓN DE DÚAS TRABALLADORAS PARA AS OFICINAS DE TURISMO DO CONCELLO DE CANGAS-2016

En relación coa subvención concedida a este Concello, polo importe de cinco mil douscentos euros (5.200,00 €), para a contratación de dous/dúas traballadores/traballadoras polo período de dous meses, concedida ao abeiro da Resolución do 7 de decembro de 2015 da Axencia Turismo de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 2016.

Vistas as memorias redactadas polas traballadoras contratadas, D^a P.N.M., e D^a Y.M.C., e a da técnica de turismo municipal, D^a C.P.M., na que fai constar as diferentes liñas de traballo desenvolvidas polas técnicas contratadas e o cumprimento da finalidade da subvención concedida.

Visto o informe da Intervención Municipal dos gastos realizados, polos distintos conceptos e contías imputables á actuación subvencionada, ascendendo a un total de seis mil cincocentos cincuenta e dous euros con corenta e oito céntimos (6.552,48 €).

Propoño á Xunta de Goberno Local:

** Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida para a contratación de dúas traballadoras polo importe total de seis mil cincocentos cincuenta e dous euros con corenta e oito céntimos (6.552,48 €), polo período de dous meses, de conformidade co seguinte:*

- A) Que o orzamento total do proxecto de solicitude inicial foi de seis mil trescentos sesenta e un euros con vinte e oito céntimos (6.361,28 €).*



Concello de Cangas

- B) *Que o importe total da subvención concedida ao abeiro da Resolución pola Axencia Turismo de Galicia é de cinco mil douscentos euros (5.200,00 €) euros.*
- C) *Que o Concello de Cangas, en data do 1 de xullo de 2016 e con cargo á subvención concedida, contratou coa categoría de Técnico en Turismo a D^a P. N.M, e a D^a Y. M. C, con DNI 78738385R.*
- D) *Que os gastos total realizados aprobados e pagados ascenden a un total de seis mil cincocentos cincuenta e dous euros con corenta e oito céntimos (6.552,48 €), euros, que se tomou razón na contabilidade segundo o seguinte desglose:*

| Concepto | Mes xullo | Mes agosto | Total |
|-----------------------------------|------------------|-------------------|--------------|
| Nóminas P.N.M. | 1.003,23 | 1.003,23 | 2.006,46 |
| Paga prorrateada | 200,65 | 200,65 | 401,13 |
| Indemnización | | 80,26 | 80,65 |
| Cotización SS | 394,28 | 394,28 | 788,56 |
| Nóminas Y.M.C. | 1.003,23 | 1.003,23 | 2.006,46 |
| Paga prorrateada | 200,65 | 200,65 | 401,13 |
| Indemnización | | 80,26 | 80,65 |
| Cotización S.S | 394,28 | 394,28 | 788,56 |
| Suma total | 3.195,86 | 3.356,62 | 6.552,48 |
| Recoñecemento de obriga da nómina | 29.07.2016 | 25.08.2016 | |
| Pago nómina | 29.07.2016 | 25.08.2016 | |
| Recoñecemento obriga SS | 30.08.2016 | 30.09.2016 | |
| Pago SS | 31.08.2016 | 30.09.2016 | |
| IRPF pago | 18.08.2016 | 19.09.2016 | |

- E) *Que de conformidade coa documentación que consta no expediente, deuse cumprimento á finalidade da axuda concedida para a cal foi concedida a subvención”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención para a contratación de dúas traballadoras para as oficinas de turismo do Concello de Cangas-2016.

CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

8º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA CONCEDIDA PARA COLECIÓNS BIBLIOGRÁFICAS DAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS-2016



Concello de Cangas

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 13.10.2016, referente a aprobación de conta xustificativa da axuda concedida para coleccións bibliográficas das bibliotecas municipais-2016, que di o seguinte:

"PROPOSTA

APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA CONCEDIDA PARA COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS DAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS 2016

En relación coa solicitude formulada polo Concello de Cangas ao abeiro da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data do 01.03.2016 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino a bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia para o ano 2016 e a Resolución de data do 01.07.2016 de concesión de axuda polo importe de tres mil trescentos oitenta e seis euros con seis céntimos (3.386,06 €).

Vista a documentación que consta no expediente e os datos da Intervención Municipal, propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da adquisición de fondos bibliográficos para mellora das coleccións dos centros bibliotecarios de Cangas polo importe de tres mil trescentos oitenta e cinco euros con setenta e tres céntimos (3.385,73 €), que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican e se expresan a continuación:

| Nº de factura e data | Provedor CIF | Concepto | Importe € | Data aprobación por Resolución Alcaldía | Data de pagamento |
|-----------------------------|---------------------------------------------|-----------------|------------------|------------------------------------------------|--------------------------|
| 001/002440 15.09.2016 | KALANDRAKA EDITORA, SL B36302024 | Libros | 953,00 | 11.10.2016 | 11.10.2016 |
| 16F 000128 29.09.2016 | EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA, SA A36617496 | Libros | 814,00 | 11.10.2016 | 11.10.2016 |
| FF-1602442 16.09.2016 | EDITORIAL GALAXIA, SL A36603314 | Libros | 573,21 | 11.10.2016 | 11.10.2016 |
| A-996 16.09.2016 | EDICIÓNS DO CUMIO, S.A. | Libros | 97,24 | 11/10/2016 | 11/10/2016 |
| 26016 19.09.2016 | ALVARELLOS EDITORA, SL B70183082 | Libros | 13,50 | 11.10.2016 | 11.10.2016 |
| FDI16142 20.09.2016 | RINOCERONTE EDITORA, SLU B36501880 | Libros | 95,50 | 11.10.2016 | 11.10.2016 |



Concello de Cangas

| | | | | | |
|------------------------|------------------------------------------------------|--------|--------|------------|------------|
| 240970 15.09.2016 | MONLLOR Y GEY EDITORES SL B15767510 | Libros | 12,00 | 11.10.2016 | 11.10.2016 |
| B16-0373 16.09.2016 | EDITORIAL BULULÚ, SL B70397617 | Libros | 69,70 | 11.10.2016 | 11.10.2016 |
| 161 19.09.2016 | EDICIONES LINTEO, SL B32239576 | Libros | 21,80 | 11.10.2016 | 11.10.2016 |
| NE79 14.09.2016 | EDICIONES BOLANDA, SL B15969066 | Libros | 239,00 | 11.10.2016 | 11.10.2016 |
| C16/77 15.09.2016 | BAÍA EDICIÓNS A CORUÑA, SL B15635246 | Libros | 169,30 | 11.10.2016 | 11.10.2016 |
| L/139 14.09.2016 | FAUSTO DESEÑO ASOCIADOS, S.L B70131743 | Libros | 47,50 | 11.10.2016 | 11.10.2016 |
| A/156 14.09.2016 | EDICIÓNS EMBORA, SL B70472972 | Libros | 27,00 | 11.10.2016 | 11.10.2016 |
| T/185 15.09.2016 | HAPPY FAMILY, SL B27704600 | Libros | 34,50 | 11.10.2016 | 11.10.2016 |
| N16-2097 23.09.2016 | HÉRCULES DE EDICIONES, SL B15078892 | Libros | 38,70 | 11.10.2016 | 11.10.2016 |
| F/116 14.09.2016 | EDICIONES LA FRAGATINA, SL THINKA B22375497 | Libros | 131,48 | 11.10.2016 | 11.10.2016 |
| 16038807 30.09.2016 | EDICIONES DON BOSCO- EDEBE R0800889H | Libros | 48,30 | 11.10.2016 | 11.10.2016 |

Segundo.- Que se cumpriu coa finalidade da subvención concedida de conformidade co expresado na táboa anterior”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación de conta xustificativa da axuda concedida para coleccións bibliográficas das bibliotecas municipais-2016.

PERSOAL

9º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA CONCEDIDA PARA A CONTRATACIÓNS DE



Concello de Cangas

AUXILIARES DA POLICÍA LOCAL DURANTE A TEMPADA DE VERÁN-2016

Dáse conta de proposta da Alcaldía do 13.10.2016, referente a aprobación de conta xustificativa da axuda concedida para a contratación de auxiliares da Policía Local durante a tempada de verán-2016, que é como segue:

"PROPOSTA

APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA CONCEDIDA PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DA POLICÍA LOCAL DURANTE A TEMPADA DE VERÁN-2016

Que en relación ao convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cangas para a contratación de auxiliares de Policía Local durante a tempada de verán 2016, asinado en data do 9 de setembro de 2016, no que se fai contar que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cooperará na realización das actuacións a que se refire a cláusula primeira de dito convenio, mediante a achega máxima de seis mil euros (6.000,00 €) e de conformidade coa documentación que consta no expediente.

Que vista a documentación que consta no expediente e a certificación da Intervención Municipal, propoño á Xunta de Goberno Local:

** Aprobar a conta xustificativa da axuda concedida a este Concello, mediante o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cangas para a contratación de auxiliares de Policía Local durante a tempada de verán 2016, polo importe de vinte e tres mil novecentos catorce euros con corenta e sete céntimos (23.914,47 €) de conformidade co seguinte:*

| Apelidos e nome Data inicio contratación | Mes xullo S.B +S,S IRPF | Mes agosto S.B +S.S IRPF | Suma Sb e S.S |
|-----------------------------------------------------|----------------------------------------|-----------------------------------------|-----------------------------|
| M.M.A. 30.05.2016 | 1.057,65 428,18 21,15 | 1.057,65 428,18 21,15 | 2.115,53 856,36 42,30 |
| P.C.J. 30.05.2016 | 1.057,65 428,18 21,15 | 1.057,65 428,18 21,15 | 2.115,53 856,36 42,30 |
| P.B.B. 30.06.2016 | 1.110,01 446,34 22,20 | 1.108,88 446,98 22,18 | 2.218,89 893,96 44,38 |
| B.R.D. 06.06.2016 | 1.057,65 428,18 21,15 | 1.057,65 428,18 21,15 | 2.115,53 856,36 42,30 |



Concello de Cangas

| | | | |
|---------------------------------------------------------|-----------------------------|-----------------------------|-----------------------------|
| V. L.T. 20.06.2016 | 1.057,65 428,18 21,15 | 1.057,65 428,18 21,15 | 2.115,53 856,36 42,30 |
| S.V.D. 20.06.2016 | 1.057,65 428,18 21,15 | 1.057,65 428,18 21,15 | 2.115,53 856,36 42,30 |
| R.L.I. 01.07.2016 | 1.057,65 428,18 21,15 | 1.057,65 428,18 21,15 | 2.115,53 856,36 42,30 |
| L.P.R. 01.07.2016 | 1.057,65 428,18 21,15 | 1.057,65 428,18 21,15 | 2.115,53 856,36 42,30 |
| Data recoñecemento e data de pagamento | 29.07.2016 29.07.2016 | 25.08.2016 25.08.2016 | |
| Data recoñecemento e data pago Seguridade Social | 30.08.2016 31.08.2016 | 28.09.2016 30.09.2016 | |
| Data recoñecemento e pago IRPF | 18.08.2016 | 19.09.2016 | |
| TOTAL POR MESES SALARIO | | | 17.025,99 |
| TOTAIS POR MES S.SOCIAL | | | 6.888,48 |
| TOTAL POR MES IRPF | | | 340,48 |
| SUMA TOTAL SALARIOS E SEGURIDADE SOCIAL | | | 23.914,47 |

- *Que se tomou razón na contabilidade de todos os gastos que se relacionan na táboa transcrita anteriormente.*
- *Que se deu cumprimento á finalidade da axuda concedida de conformidade coa contratación dos traballadores que se relacionan na táboa transcrita.*
- *Que non se solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada para esta actividade que se xustifica”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación de conta xustificativa da axuda concedida para a contratación de auxiliares da Policía Local durante a tempada de verán-2016.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 Rd 2568/1986, de 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:



Concello de Cangas

A) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á CORRECCIÓN DE ERROS ADVERTIDOS NOS PREGOS QUE REXEN A LICITACIÓN DO SERVIZO DE TELECOMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE CANGAS

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 17.10.2016, referente a corrección de erros advertidos nos pregos que rexen a licitación do servizo de telecomunicacións do Concello de Cangas, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á CORRECCIÓN DE ERROS ADVERTIDOS NOS PREGOS QUE REXEN A LICITACIÓN DO SERVIZO DE TELECOMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE CANGAS

Visto o expediente de contratación aprobado pola Xunta de Goberno local o día 05.09.2016 para a adxudicación do contrato de servizo de telecomunicacións.

Visto que o anuncio de licitación foi publicado no BOPPO nº 184 do día 26.09.2016 iniciando o prazo de presentación de ofertas, durante o cal se advertiron varios erros tanto no PCAP como no PPT que fan imposible ás empresas licitadoras elaborar as súas ofertas, polo que cómpre proceder á corrección destes.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- *Corrixir a cláusula 12ª do PCAP, apartado 2.1, no que faltaban as fórmulas para determinar o mellor prezo ofertado, quedando redactado da seguinte forma:*

"12.2.1.-Prezo ofertado: máximo 30 puntos

Outorgarase a máxima puntuación á oferta máis baixa, o resto valorarase en función dela en base a unha regra de tres directa segundo a seguinte fórmula:

- ✓ *P: prezo de licitación*
- ✓ *N: número de ofertas*
- ✓ *O₁, O₂,...,O_n: valor das n ofertas,*
- ✓ *$P(b_i = \frac{B_i}{P} \times 100, i = 1, \dots, n)$ B₁, B₂,...,B_n: baixas absolutas (B_i=P-O_i, i=1,..., n),*
- ✓ *b₁, b₂, ..., bn: baixas porcentuais con respecto a $P(b_i = \frac{B_i}{P} \times 100, i = 1, \dots, n)$*
- ✓ ***b_{max}, b_{min}***: *baixas porcentuais máxima e mínima*
- ✓
- ✓ ***b_m***: *baixa porcentual media* $\left(b_m = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n b_i \right)$



Concello de Cangas

- ✓ V_{max} : máxima valoración posible
- ✓ W_{max} : máxima valoración de acordo coas ofertas presentadas
- ✓ W_i : valoración previa da oferta i -ésima entre 0 e W_{max} , $i=1, \dots, n$
- ✓ V_i : valoración final da oferta i -ésima entre 0 e V_{max} , $i=1, \dots, n$

Nota: dado que as baixas negativas corresponderían a ofertas superiores ao prezo de licitación (e polo tanto, non admisibles), suponse que as baixas bi son iguais ou maiores que cero.

1. Valoración máxima inicial de acordo coas ofertas presentadas:

$$W_{max} = \frac{b_{max} - b_{min}}{100} V_{max}$$

2. Valoración previa entre 0 e W_{max}

Unha puntuación inicial W_i da oferta i -ésima calcúlase por interpolación a intervalos do seguinte modo (ver figura 1):

- ✓ Se $b_i \leq b_m$ (oferta entre o prezo de licitación –baixa nula– e a oferta media) entón a súa valoración é proporcional entre os valores 0 e $\frac{8W_{max}}{10}$

$$W_i = \frac{8W_{max}}{10b_m} b_i$$

- ✓ Se $b_i > b_m$ (baixa superior a baixa media) entón a súa valoración é proporcional entre $\frac{8W_{max}}{10}$ e W_{max}

$$W_i = \frac{2W_{max}}{10(b_{max} - b_m)} (b_i - b_m) + \frac{8W_{max}}{10}$$

Segundo.- Corrixir a cláusula 5ª do PPT, apartado 3.1, do que se elimina o RQ18.

Terceiro.- Corrixir o cadro de tipos de liña incluído na cláusula 5.3.3 do PPT, quedando redactado do seguinte xeito:

| TIPOS DE LIÑA DE DATOS | | | | |
|-------------------------------|----------------------|---------------|-------------------------------------|---------------|
| TIPO | CAUDAL MÍNIMO | | % MÍNIMO DE CAUDAL GARANTIDO | |
| | Baixada | Subida | Baixada | Subida |
| A | 100 Mbps | 20 Mbps | 50% | 50% |
| B | 20 Mbps | 1 Mbps | 50% | 50% |
| C | 4 Mbps | 512 Kbps | 50% | 50% |



Concello de Cangas

Cuarto.- *Publicar a corrección de erros no perfil de contratante e no BOPPO, outorgando un prazo de 5 días hábiles adicionais para a presentación de ofertas, que se contarán desde o seguinte á publicación do anuncio no boletín”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita, referente a corrección de erros advertidos nos pregos que rexen a licitación do servizo de telecomunicacións do Concello de Cangas.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente